

# Guillermo Tell

A compañía a Badulfa fixo unha versión para o público infantil, reducida en máis de tres horas, da ópera de Rossini, Guillermo Tell.

A ópera foi creada por Rossini entre os anos 1828 e 1829 en París. Foi a súa última ópera. Está baseada na obra do autor Schiller. Conta a lenda dun héroe medieval da independencia Suíza.

Comeza a ópera que vimos, cun gran número de comediantes e músicos (catro cantantes, dous actores, tres músicos) que chegan á cidade, e que viaxan de pobo en pobo contando a historia de Guillermo Tell, un home extraordinario, valente, sen medo a nada pero ó mesmo tempo un pai que faría calquera cousa pola súa familia. Non se sabe se é real ou unha lenda pero converteuse nun símbolo da loita pola liberdade.

Axudándose de títeres, sombras chinesas e imaxes, preséntanos a todos as personaxes: Guillermo Tell, a súa muller, o seu fillo Yemmy, o malo de Gesler...

O público participamos cantando un fragmento. O que máis me gustou ademais de poder participar na obra foi escoitar os instrumentos: o piano, a fravta traveseira, a trompa. Tamén os traxes medievais dos actores e o decorado cheo de cor da obra.

Mauro Fernández Pérez  
5º B



# OPERA GUILLERMO TELL

O cole levounos de excursión ao Auditorio de Galicia a ver a ópera de Guillermo Tell.

Os personaxes son:

Guillermo Tell, Eduvigis, Jemmy, Gessler, Leutoldo e Metchal.

A ópera baséase nun home (Guillermo) que abandoa a súa aldea para salvar a un pastor de ser asesinado polo exército austríaco.

Mentres na súa aldea, Gessler (o Gobernador) manda aos habitantes facer o que él queira.

Cando Guillermo volve, Gessler amenázao con levarse a Jemmy (o seu fillo), e Guillermo salva. O pobo de Altdorf vive feliz.

- A ópera divídese en catro actos.

Gústame porque é como unha representación teatral cantada, os seus tipos de voces son:

Soprano, mezzosoprano, tenor, barítono e baixo.

- Esta é a miña primeira vez que fun a unha ópera e gustaríame repetir nalgunha outra ocasión.







# Jemmy

Jemmy é o fillo de Guillermo Telle e Edwiegis. Este personaxe gustóme porque era moi gracioso. Tamén me gustou porque cada vez que o seu pai o vía collíao no colo Jemmy é moito baixo, ten os ollos marróns e o pelo curto e negro. A súa roupa é de cor verde, marrón e vermella.

Na obra fai un papel que non é sinxelo porque fai que poñer voz de soprano. Durante a ópera sufre a desgracia de que un dos personaxes (Leitoldo) mata a un soldado do Gobernador Gessler. O seu pai Guillermo Telle e deus todos emprenden unha viaxe a illa de Gessler. Alí encontraron dúas campesiñas que lles disseron que Gessler non estaba alí entón volveron ao pobo. Cando regresaron Gessler díxolle a Guillermo Telle que o seu fillo Jemmy o ataran e lle puxeran unha moza envruba da cabeza. El tiña que tirar unha flecha á moza e se acertaba dexábase en paz e ao seu pobo tamén.

Ana Saribas Alborés 5ºA





# A ÓPERA

Unha ópera é unha composición dramática e musical na que un texto cántase e represéntase con acompañamento dunha orquestra. Nunha ópera hai voces de home: tenor, barítono e baixo, e de muller: soprano, mezzosoprano e contralto.

Nun concerto hai que estar calado, salvo se che gusta moito unha escena que entón poderías aplaudir.

Para que se poida representar unha ópera fai falla adaptación musical, deseño de iluminación, dirección de escena, libreto, escenografía e vestuario. Nestes labores traballa moita xente.

Fai dúas semanas acudimos a ópera de Guillermo Tell no Auditorio de Galicia grazas a unha excursión do colexio.

Na obra había moitas personaxes, polo que se facía máis divertida.

As personaxes principais son Guillermo Tell e o malvado Gessler.

A obra transcurre en Altdorf, un pobo Suízo.

A xente dese pobo xúntase para enfrentarse ao malvado Gessler. Gessler ten un escudo de armas na súa cidade e cada persoa que pase por alí ten que facerlle unha reverencia. Un día, Guillermo Tell régase ao escudo de armas e Gessler coloca unha mazaí enriba da cabeza do seu fillo Jemmy. Guillermo Tell apunta, dispara e a frecha atravesaa o corazón da mazaí. Pai e fillo abraízanse.